

RIVER OF GRASS

Kelly Reichardt, 1994

1793

ESTREA EN NUMAX: 08.07.2026 | V.O.S.E. | 75 min

'River of Grass' ten todos os elementos dunha road movie convencional: un coche, unha pistola, plans criminais e dous mozos amantes escapando dun pai furioso que ademais é un oficial de policía suspendido. Con todo, Kelly Reichardt tomou estes elementos comúns e creou unha anti-road movie, unha película impasiva que ten máis de comedia existencialista que de drama criminal.

«Unha das mellores películas independentes dos últimos anos»

Dave Kehr, NEW YORK DAILY NEWS



Cinema sen artificios

Por Javier Porta Fouz

Os setenta foron, segundo Pauline Kael, a “mellor década do cinema estadounidense”. Neses anos exercía o seu dominio un personaxe paradigmático: o heroe errabundo, un protagonista que escapaba cara a ningún lado ou cara a quen sabe onde. No seu texto clásico “Notas sobre un heroe sen motivación. O pathos do fracaso: películas americanas dos setenta” (1975), Thomas Elsaesser dicía que ese heroe sen motivación combinábase, neses anos, co motivo da viaxe. No cine dos cincuenta o heroe adoitaba ter obxectivos claros; nos setenta, era un heroe sen motivación. Pero viaxaba, movíase, aínda sen motivos, ou aínda sen ser consciente dos seus desexos.

Foi crucial para os setenta e os seus heroes desacougados a *road movie*, un xénero con bases sociolóxicas e económicas feito a maior parte das veces cun estilo seco e directo, sen demasiados adornos. Estados Unidos aínda era a civilización do automóbil –nesa década aparecería a primeira alarma sobre a fin do petróleo barato–, e a súa posesión tiña relación directa con certa independencia individual, mesmo cunha aparente aduleza. A estrada era, entón, o espazo de escape por antonomasia. Hoxe as cousas cambiaron. Como nos setenta, vemos personaxes sós, indeterminados e inmóbiles. Ao pathos do fracaso do que falaba Elsaesser hai que sumar agora o da inmovilidade, o do fracaso quieto de quen non sae ao camiño, ou de quen non pode saír, ou de quen viaxa para chegar e para pechase e non para buscar. Unha imaxe paradigmática do neorrealismo italiano foi a de Anna Magnani correndo e xesticulando apaixonada, intensamente, detrás dun camiión. Unha imaxe paradigmática do realismo dos setenta estadounidenses foi a de alguén falando, semiextraviado, desde unha cabina telefónica lonxe do seu fogar. As imaxes dese realismo son máis apagadas, máis quedas.

Non aos setenta en xeral senón a un dos seus modelos cinematográficos: o máis seco e realista. Kelly Reichardt (Miami, 1964), unha adiantada, mirouno desde a súa primeira longametraxe, en 1994. *River of Grass* preséntanos a Cozy, casada e con fillos, que quere fuxir da súa vida. Nun bar coñece a Lee, un vago con ínfulas de rebelde. A partir dese encontro a película convértese nunha estraña –por momentos cómica– road movie implosionada. Nos noventa, parecía dicir Reichardt, o xénero xa non é o mesmo. Xa non é posible facer *Two Lane Blacktop* (1971) de Monte Hellman (Reichardt declara amar o xénero e a esa película en particular), porque é imposible a viaxe. Cozy e Lee teñen algo en común con Kit e Holly de *Malas terras* (Terrence Malick, 1973), ou máis ben queren telo, pero carecen de paixón e tolemia; buscan ser criminais para ser intensos, pero non o logran. En realidade case non teñen nada. A *road movie* dos setenta simula reaparecer en *River of Grass*, pero apenas chega ata a caseta de cobro, e alí detense con impotencia: estes Bonnie e Clyde domésticos non poden ser criminais, nin sequera poden romper a barreira dunha peaxe.

River of Grass mostra, como todo o cinema de Kelly Reichardt, un inapelable desencanto detrás da empatía cos personaxes. Se o realismo dos setenta incluía a viaxe, o escape, nos noventa ten máis relación con non poder avanzar, coa extrema quietude como cadea. Reichardt apunta á construción dun realismo de época (todo realismo estilístico éo). *River of Grass* comeza cunha montaxe de fotos e cunha voz en off. Esas dúas características, propias dunha narrativa máis convencional, daban paso a unha película que se sente sucia, próxima, inmediata.